

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese no Pazo provincial ás 12:25 h do día 20 de xuño de 2025, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME**, **D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ**, **D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA**, **D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ**, **D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO**, **D.ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ**, **D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA**, **D. MARCOS GUIASOLA PADÍN**, **D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ**, **D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ**, **D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ**, **D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**, **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ**, **D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN**, **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 23 de maio de 2025.

2.- DAR CONTA DAS CONDICIÓN XERAIS PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATOS DE PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “RÍAS BAIXAS ACCIÓN”, ANO 2025 (Expte. 2025029557)

O presidente dá conta das condicións xerais para a realización de contratos de patrocinio con entidades privadas no ámbito de produción audiovisuais na provincia de Pontevedra “Rías Baixas Acción”, publicadas no BOPPO núm. 106, de 5 de xuño de 2025, que teñen por finalidade regular a solicitude de colaboración da Deputación de Pontevedra e materializarse en contratos privados de patrocinio para a realización de proxectos audiovisuais, incluíndo dúas liñas: proxectos audiovisuais e obras de animación (longametraxes, curtametraxes e series) e documentais, que melloren a visibilidade e a notoriedade da provincia de Pontevedra e que reúnan unha serie de requisitos, como estar fundamentalmente rodadas en lingua galega, en escenarios da provincia e iniciarse ou estar iniciados no presente ano 2025.

Esta liña de patrocinios imputarase con cargo á aplicación 25/330.3340.226.09 do vixente orzamento provincial por un importe de cento setenta mil (170.000,00) euros ata esgotar o devandito crédito, en dúas liñas de actuación, co fin de realizar unha asignación máis equitativa:

Liña 1: 100.000,00 euros

- Vinte e cinco mil (25.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de longametraxes (duración mínima de 60 minutos)
- Tres mil cincocentos (3.500,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de curtametraxes
- Quince mil (15.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de series



Liña 2: 70.000,00 euros

- Sete mil (7.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio a produción de documentais de longa duración (duración de máis de 40 minutos)
 - Tres mil (3.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de curtas documentais (ata 40 minutos de duración)
 - Tres mil (3.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de podcast documental
- O patrocinio máximo por entidade beneficiaria en ningún caso poderá exceder o 50 % do orzamento total do proxecto (incluídos os impostos).

O prazo de solicitude comezou a partir do día seguinte ao da publicación no BOPPO e remata o 30 de agosto de 2025.

3.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A 16 ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, NO ANO 2025 (Expte. 2025004261)

O presidente dá conta da concesión de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra, no ano 2025, aprobado pola Xunta de Goberno desta Deputación na súa sesión ordinaria do día 13 de xuño de 2025, por un importe total de cento setenta mil (170.000,00) euros con cargo á aplicación 25/330.3340.489.05, que figuran na relación co CSV: AAMJKGO55H0H2JUF e que se relacionan a continuación, quedando excluídas desta convocatoria un total de once solicitudes, oito desistencias da solicitude e tres por no encaixar nas bases, recollidas todas no expediente co CSV: AGTHRTDG88CMWJZS.

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE CAMBADOS (PONTEVEDRA)					
(1) G36349850 ASOC. TEATRO CIA CARACOL 2025018073 - Festival Desloga	35.650,50 €	17.800,00 €	4.187,69 €	26,00	11,75 % Concurrencia competitiva
(2) G36482347 ASOC. GALEGA DE PERCUTAS OMAR 2025018088 - V Festival O Xacobeo Percute	50.800,00 €	24.892,00 €	5.959,41 €	37,00	11,73 % Concurrencia competitiva
TOTAL CAMBADOS (2)			10.147,10 €		
CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)					
(3) G36024990 ASOCIACION CIVICO CULTURAL XIRIA 2025018082 - 42 Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas	121.100,01 €	25.000,00 €	19.811,01 €	123,00	16,36 % Concurrencia competitiva
(4) G94048303 ASOCIACION CULTURAL MORRAZICA 2025016472 - XIV Kanekas Metal Fest 2025	50.335,75 €	22.147,73 €	10.791,36 €	67,00	21,44 % Concurrencia competitiva
TOTAL CANGAS (2)			30.602,37 €		
CONCELLO DE ESTRADA, A (PONTEVEDRA)					
(5) G36258960 ASOC A XESTEIRA 2025018530 - As Nosas Musicas 2025: 28ª Edición	22.207,60 €	8.500,00 €	8.500,00 €	57,00	38,28 % Concurrencia competitiva
TOTAL ESTRADA, A (1)			8.500,00 €		
CONCELLO DE PONTEAREAS (PONTEVEDRA)					
(6) G94180007 ASOCIACION CULTURAL ROCK IN RIO TEA 2025018052 - Festival Rock in Rio Tea 2025	45.345,95 €	22.500,00 €	9.261,24 €	57,50	20,42 % Concurrencia competitiva
TOTAL PONTEAREAS (1)			9.261,24 €		
CONCELLO DE REDONDELA (PONTEVEDRA)					
(7) G36590800 ASOCIACION MILLO VERDE 2025018068 - XVIII Festival Alternativo Millo Verde	91.824,44 €	20.000,00 €	13.690,54 €	85,00	14,91 % Concurrencia competitiva
(8) G36454445 ASOCIACIÓN XENTE TITIRITEIRA 2025018544 - XXVI Festival Internacional de Títeres de Redondela. Memorial Juanjo Amoedo-2025	134.509,65 €	28.247,03 €	17.556,10 €	109,00	13,05 % Concurrencia competitiva
TOTAL REDONDELA (2)			31.246,64 €		



CFE / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE ROSAL, O (PONTEVEDRA)					
(9) G36027928 ASOCIACION AGRUPACION MUSICAL DO ROSAL 2025018676 - VI Rosal Cámara Fest	15.392,50 €	11.467,41 €	2.093,85 €	13,00	13,60 % Concurrencia competitiva
TOTAL ROSAL, O (1)			2.093,85 €		
CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO (PONTEVEDRA)					
(10) G94052404 ASOC. CULTURAL QUINTA DO PIÑEIRO 2025018671 - Festival "Semestreira e Musical" 2025	85.250,01 €	27.280,00 €	10.791,36 €	67,00	12,66 % Concurrencia competitiva
TOTAL SALVATERRA DE MIÑO (1)			10.791,36 €		
CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)					
(11) G27751296 ASOC CULTURAL VERTIXE 2025018604 - Festival Vertixe 13	37.906,93 €	18.319,29 €	13.448,94 €	83,50	35,48 % Concurrencia competitiva
(12) G36617082 ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES 2025018567 - XXXII Revolto de Música e Cultura Emerxente	15.100,02 €	11.000,00 €	10.034,36 €	62,30	66,45 % Concurrencia competitiva
(13) G94084456 ASOCIACION CULTURAL GALICIA FIDDLE 2025018672 - Encordass Fiddle Fest Grecia	75.924,76 €	15.000,00 €	11.596,69 €	72,00	15,27 % Concurrencia competitiva
(14) G27867076 THE WILD 2025018051 - The Wild Fest 2025	57.768,59 €	25.000,00 €	10.147,10 €	63,00	17,57 % Concurrencia competitiva
TOTAL VIGO (4)			45.227,09 €		
CONCELLO DE VILA DE CRUCES (PONTEVEDRA)					
(15) G94111481 ASOC. CULTURAL AGOLADA CREA 2025018548 - FIP Merza Percusión 2025	31.764,00 €	12.900,00 €	10.936,32 €	67,90	34,43 % Concurrencia competitiva
(16) G94012374 ASOCIACIÓN CULTURAL MERZABRASS 2025018632 - Galeico Brass Festival	66.040,00 €	16.500,00 €	11.194,03 €	69,50	16,95 % Concurrencia competitiva

4.- DAR CONTA DA ORGANIZACIÓN DAS XORNADAS PROFESIONAIS ESCENA GALEGA 2025 CO COLECTIVO ESCENA GALEGA, CELEBRADAS O 17 DE XUÑO NO PAZO PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte. 2025024758)

O presidente dá conta da organización das Xornadas Profesionais Escena Galega 2025, por parte da Deputación de Pontevedra e o colectivo Escena Galega, Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas, o 17 de xuño no Pazo provincial. Estas xornadas son un foro aberto e participativo do sector das artes escénicas galegas, que cada ano se centran nunha temática e mesturan formatos de mesas de debate, charlas e outras actividades, constituíndo unha das principais citas escénicas profesionais do ano en Galicia, a nivel de foro de reflexión e traballo. Para ese ano 2025 pretendeuse deslocalizar estas xornadas da provincia da Coruña, onde se realizaron todas as edicións agás as enmarcadas na Feira Cultural, realizándose por primeira vez no Pazo provincial da Deputación de Pontevedra baixo a temática “Accesibilidade e inclusión nas artes escénicas: construíndo experiencias accesibles desde o primeiro clic ata a butaca”. Inscríbíndose nas xornadas de mañá e tarde un total de 72 persoas, nas 80 prazas dispoñibles. Este evento súmase ás iniciativas dos últimos anos coas que a Deputación está levando a cabo un apoio e impulso ao sector profesional das Artes Escénicas, principalmente coa posta en marcha do circuío +Escénicas.

Para a realización de ditas xornadas estimouse un gasto total de 12.000 € que se imputarán con cargo á aplicación 25/330.3340.226.09 e 25/330.3340.227.09 do vixente orzamento provincial.

5.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO I PREMIO CASTELAO DE TEXTOS TEATRAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte. 2025029488)

O presidente dá conta da convocatoria do I Premio Castelao de Texto Teatrais da Deputación de Pontevedra, organizado a través do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos co ánimo de contribuír a acrecentar a calidade creativa das e dos nosos escritores e escritoras, promover o talento e o potencial literario na nosa provincia e incentivar a creación dramática en lingua galega, tamén como homenaxe ao escritor e dramaturgo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao no 75 aniversario da súa morte.



As bases reguladoras deste premio saíron publicadas no BOPPO núm. 110, de 11 de xuño de 2025, onde se recolle que a participación e a concesión do premio se efectuará en réxime de concorrència competitiva e poderán participar todas as persoas, maiores de idade, que presenten obras de teatro escritas en lingua galega de acordo coa normativa da RAG, inéditas, non premiadas en ningún outro certame nin levadas a escena en ningún espectáculo.

Outorgarase un premio único seleccionado por un xurado nomeado previamente, dotado con doce mil euros (12.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 26/334.3340.480.04 do Orzamento ordinario do organismo provincial. A contía do premio inclúe a adquisición dos dereitos de explotación da primeira edición da obra gañadora ata un máximo de 800 exemplares, así como da edición dixital desta durante un período de cinco anos. A obra premiada será publicada pola editorial adxudicataria da súa colección de teatro, e entregaránselle á súa autora ou autor, vinte e cinco exemplares desta. O tema sobre o que versará a obra presentada será totalmente libre, pero valorarase o seu desenvolvemento nalgunha localización da provincia de Pontevedra. A extensión máxima será de 200.000 caracteres. O prazo de presentación rematará o día 31 de outubro de 2025.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:30 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

